

Investigación e innovación

A continuación, (Táboa 135) se enumeran as propostas froito do proceso de diagnose e posta en común correspondentes á área de traballo 4 “Investigación e innovación”.

TÁBOA 135.
RETOS E PROPOSTAS DA ÁREA DE TRABALLO 4 “INVESTIGACIÓN E INNOVACIÓN”.

RETOS	PROPOSTAS
 RETO 1.- Por un ecosistema de innovación con maiores interaccións para estimular a transferencia de coñecemento.	4.1.1 Desenvolver a regulación universitaria para dotar de incentivos e flexibilidade á captación de proxectos europeos.
	4.1.2 Estimular os derrames de coñecemento vía cooperación tecnolóxica e rotación de persoal dende as empresas tecnolóxica e organizativamente máis dinámicas cara ás máis tradicionais.
	4.1.3 Facilitar que as universidades e principais centros tecnolóxicos sectoriais poidan despregar espazos de simulación 4.0 e laboratorios de fabricación aditiva que poidan ser empregados como infraestruturas de formación e prototipado para PeMEs.
 RETO 2.- Pola sistematización da I+D+i nas empresas galegas.	4.2.1 Centrar a política de I+D en empresas coa xestión da I+D+i previamente sistematizada e con proxectos intensivos en coñecemento.
	4.2.2 Despregar un plan de axudas á innovación organizativa para sistematizar a I+D+i, estandarizar e mellorar procesos, e despregar modelos de operacións industriais áxiles, eficientes e medioambientalmente amistosos.
 RETO 3.- Por unha política industrial centrada en actividades intensivas en coñecemento e inxeridas en diversas cadeas de valor.	4.3.1 Acreditar provedores de Tecnoloxías Facilitadoras Esenciais e promover a súa intervención en cadeas de subministro diferentes.
	4.3.2 Priorizar o emprendemento con proxectos para mercados globais, con tecnoloxías escalables e con potenciais vantaxes competitivas sostibles no tempo.
	4.3.3 Equilibrar o apoio público nas distintas etapas dos proxectos de I+D+i (TRLs) para favorecer os investimentos intensivos en coñecemento.
	4.3.4 Revisar as actuais políticas de dixitalización para asegurar a súa integración en sistemas organizativos eficientes que melloren a produtividade.

Fonte: Elaboración propia.

TÁBOA 136.

PROPOSTA 4.1.1	Desenvolver a regulación universitaria para dotar de incentivos e flexibilidade á captación de proxectos europeos.
---------------------------------	---

1. MARCO ESTRATÉGICO DA PROPOSTA

RETO	4.1.- Por un ecosistema de innovación con maiores interaccións para estimular a transferencia de coñecemento.
ALINEACIÓN ESTRATÉGICA (EUROPEA, ESTATAL E GALEGA)	Estratexia Europa 2020. Iniciativa 1: Unión pola innovación, co fin de mellorar as condicións xerais e o acceso ao financiamento para investigación e innovación e garantir que as ideas innovadoras se poidan converter en produtos e servizos que xeren crecemento e emprego. Estratexia para a internacionalización das universidades españolas 2015-2020. Eixe de actuación 2: Aumentar o atractivo internacional das universidades. – Obxectivo 2.7.: Participar en redes, proxectos e programas internacionais educativos, de investigación e de innovación. Plan estratéxico de Galicia 2015-2020. Eixe 1: Empregabilidade e crecemento intelixente. Axenda da Competitividade Galicia Industria 4.0. Programa de impulso: Innovación – Enfoque estratéxico: Transferencia de investigación ao mercado. – Medida 2: Potenciar a transferencia de resultados de investigación xerados por centros xeradores de coñecemento e empresas galegas.

2. CONTEXTUALIZACIÓN E NECESIDADE

A sustentabilidade financeira do sistema universitario público galego está condicionada por un suficiente financiamento público, pero tamén por un contorno normativo axeitado para que as propias institucións sexan capaces de explorar opcións de financiamento adicional, e.g., financiamento procedente dos diferentes programas europeos. Por outra banda, é preciso avanzar nos índices de colaboración das nosas universidades con axentes de terceiros países, tanto para potenciar a visibilidade das nosas universidades como para fomentar a mobilidade interuniversitaria internacional do persoal investigador. Os proxectos europeos supoñen tamén unha clara oportunidade para avanzar neste eido.

3. OBXECTIVO DA PROPOSTA

Promover a internacionalización de fontes de financiamento alternativas nas universidades galegas a través da participación en programas de investigación e innovación europeos.

Alguns dos eixos clave son 1) Recoñecer con maior intensidade a captación de proxectos europeos nos méritos de promoción, 2) Desenvolver a regulación universitaria para dotar de flexibilidade á contratación de persoal especializado; ou 3) Promover a creación de redes europeas de coordinación da investigación científica e técnica europea (e.g., *European Cooperation in Science and Technology COST*).

4. PROXECTOS E INICIATIVAS VENCELLADAS (REALIZADAS/EN CURSO)

Existe esta iniciativa noutra rexión que se podería extrapolar a Galicia:

– 2017_C_IBERUS_UNIVERSITIES_EU_PROJECTS.

5. PRINCIPAIS AXENTES IMPLICADOS

Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, UDC, USC e UVigo.

6. BENEFICIARIOS DA ACTUACIÓN

– UDC, USC e UVigo.

– Persoal investigador.

7. INDICADORES DE SEGUIMENTO

INDICADOR	DESCRICIÓN	VALOR ACTUAL	VALOR DESEXADO 2020
I.4.1.1.1	Fondos de investigación internacionais/ PDI doutor.	n.d.	-
I.4.1.1.2	% de publicacións en coautorías internacionais.	n.d.	-

Fonte: Elaboración propia.

TÁBOA 137.

PROPOSTA
4.1.2

Estimular os derrames de coñecemento vía cooperación tecnolóxica e rotación de persoal dende as empresas tecnolóxica e organizativamente máis dinámicas cara ás máis tradicionais.

1. MARCO ESTRATÉGICO DA PROPOSTA

RETO	4.1.- Por un ecosistema de innovación con maiores interaccións para estimular a transferencia de coñecemento.
ALINEACIÓN ESTRATÉGICA (EUROPEA, ESTATAL E GALEGA)	Estratexia Europa 2020. Iniciativa 1: Unión pola innovación, co fin de mellorar as condicións xerais e o acceso ao financiamento para investigación e innovación e garantir que as ideas innovadoras se poidan converter en produtos e servizos que xeren crecemento e emprego. Axenda para o fortalecemento do sector industrial de España. Liña de actuación 5: Incrementar a eficiencia e a orientación ao mercado e aos retos da sociedade da I+D+i. Plan estratéxico de Galicia 2015-2020. Eixe 1: Empregabilidade e crecemento intelixente. RIS3 Galicia. RETO 2: Novo modelo industrial sustentado na competitividade e o coñecemento. – Prioridade 2.3: Impulso das TICs como sector tractor da economía do coñecemento en Galicia, ao igual que outras Tecnoloxías Facilitadoras Esenciais (TFEs).

2. CONTEXTUALIZACIÓN E NECESIDADE

En Galicia existen empresas manufactureiras e servizos empresariais intensivos en coñecemento (KIBS) plenamente internacionalizadas, con rutinas organizativas de estándar internacional e con prácticas de innovación sistematizadas ao máis alto nivel. Esta realidade empresarial convive con outras empresas en actividades e con características tradicionais que reflicten unha vertebración produtiva tipicamente asociada a actividades tecnoloxicamente maduras e onde o tamaño empresarial condiciona a competitividade por distintas vías. Estimular os *spillovers* tecnolóxicos, organizativos e de coñecemento desde a vangarda das nosas empresas manufactureiras e KIBS ás nosas cadeas de subministro con menor produtividade asociada contribuirá sen dúbida ao desenvolvemento dun tecido industrial con maior resiliencia.

3. OBXECTIVO DA PROPOSTA

Potenciar a competitividade do tecido industrial galego mellorando as súas rutinas organizativas e a súa capacidade de innovación a través dos *spillovers* procedentes das empresas máis punteiras.

Búscase potenciar o intercambio de tecnoloxías, persoas e ideas estimulando os procesos de recrutamento de persoal nas actividades mellor posicionadas, favorecendo a participación en proxectos conxuntos onde se promova a formación de consorcios con empresas manufactureiras de referencia ou KIBS, etc.

4. PROXECTOS E INICIATIVAS VENCELLADAS (REALIZADAS/EN CURSO)

- 0411_MANUFACTUR4_0_1_E.
- 0181_NANOEATERS_1_E.
- 2017_XUNTA_U_MIXTAS.
- 2017_XUNTA_PRINCIPIA.
- 2017_XUNTA_PEME_INNOVA.
- 2017_XUNTA_REACCIONA_TIC.

5. PRINCIPAIS AXENTES IMPLICADOS

Consellería de Economía, Emprego e Industria, Axencia Galega de Innovación (GAIN), Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE) e interlocutores económicos e sociais.

6. BENEFICIARIOS DA ACTUACIÓN

- O conxunto das PeMEs manufactureiras galegas.
- O Capital humano do sector manufactureiro galego.

7. INDICADORES DE SEGUEMENTO

INDICADOR	DESCRIPCIÓN	VALOR ACTUAL	VALOR DESEXADO 2020
I.4.1.2.1	Nº de empresas con actividades innovadoras en Galicia. ⁽¹⁾	844 (2015)	1266 (▲ 50%)
I.4.1.2.2	Nivel medio de colaboración para a I+D+i nas empresas manufactureiras galegas. ⁽²⁾	10,67% (2016)	16% (▲ 50%)

Notas:

(1) IGE (2017 d)

(2) GAIN-CZV (2017)

Fonte: Elaboración propia.

TÁBOA 138.

PROPOSTA 4.1.3	Facilitar que as universidades e principais centros tecnolóxicos sectoriais poidan despregar espazos de simulación 4.0 e laboratorios de fabricación aditiva que poidan ser empregados como infraestruturas de formación e prototipado para PeMEs.
---------------------------------	---

1. MARCO ESTRATÉGICO DA PROPOSTA

RETO	4.1.- Por un ecosistema de innovación con maiores interaccións para estimular a transferencia de coñecemento.
ALINEACIÓN ESTRATÉGICA (EUROPEA, ESTATAL E GALEGA)	Estratexia Europa 2020. Prioridade 1: Crecemento intelixente (desenvolvemento dunha economía baseada no coñecemento e a innovación). Axenda para o fortalecemento do sector industrial de España. Liña de actuación 5: Incrementar a eficiencia e a orientación ao mercado e aos retos da sociedade da I+D+i. Plan Estratégico de Galicia 2015-2020. Eixe 1: Empregabilidade e crecemento intelixente. – PA 1.2: Fomento da actividade empresarial e comercial, impulso da competitividade e internacionalización das empresas e autónomos/as. RIS 3 Galicia. Reto 2: Novo modelo industrial sustentado na competitividade e o coñecemento. – Prioridade 2.2: Potenciar a competitividade do sector industrial galego a través da optimización de procesos produtivos baixo o concepto de “Fábrica do Futuro” e a través da Eco-innovación para a mellora da eficiencia e do comportamento medioambiental na industria.

2. CONTEXTUALIZACIÓN E NECESIDADE

O crecente dinamismo da demanda está a obrigar ás empresas a reducir os tempos de resposta, véndose directamente afectadas as súas etapas de deseño e industrialización dos produtos. Ante esta situación, os espazos de simulación 4.0 e os laboratorios de fabricación aditiva xorden como unha das solucións máis axeitadas. Por unha banda, permiten testar cun risco mínimo e baixo custo prototipos e modificacións de calquera produto ou proceso. Por outro lado, supoñen contornos ideais para impartir formación práctica nas novas competencias que a industria 4.0 está a reclamar. Son poucas as empresas galegas, sen embargo, que poden adquirir un contorno de simulación propio.

3. OBXECTIVO DA PROPOSTA

Facilitar o acceso das PeMEs ás novas tecnoloxías de fabricación aditiva e simulación de procesos e tecnoloxías a través dunha rede pública galega de espazos de simulación 4.0.

4. PROXECTOS E INICIATIVAS VENCELLADAS (REALIZADAS/EN CURSO)

- 2016_XUNTA_FORMACIÓN_4_0.
 - 2017_XUNTA_U_MIXTAS: Planta piloto ANFACO-CECOPECA Porto do Molle, Nigrán (Pontevedra).
- Ademais, existen estas iniciativas noutras rexións que se poderían extrapolar a Galicia:
- Catapult (Reino Unido).
 - Smart Industry Field Labs (Holanda).

5. PRINCIPAIS AXENTES IMPLICADOS

Consellería de Economía, Emprego e Industria, Axencia Galega de Innovación (GAIN), Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE) e interlocutores económicos e sociais.

6. BENEFICIARIOS DA ACTUACIÓN

- O conxunto das PeMEs manufactureiras galegas.
- O Capital humano do sector manufactureiro galego.

7. INDICADORES DE SEGUEMENTO

INDICADOR	DESCRICIÓN	VALOR ACTUAL	VALOR DESEXADO 2020
I.4.1.3.1	Nº de empresas con actividades innovadoras en Galicia. ⁽¹⁾	844 (2015)	1266 (▲ 50%)
I.4.1.3.2	Nivel medio de colaboración para a I+D+i nas empresas manufactureiras galegas. ⁽²⁾	10,67% (2016)	16% (▲ 50%)

Notas:

(1) IGE (2017 d)

(2) GAIN-CZEV (2017)

Fonte: Elaboración propia.

TÁBOA 139.

PROPOSTA 4.2.1	Centrar a política de I+D en empresas coa xestión da I+D+i previamente sistematizada e con proxectos intensivos en coñecemento.
---------------------------------	--

1. MARCO ESTRATÉGICO DA PROPOSTA

RETO	4.2.- Pola sistematización da I+D+i nas empresas galegas.
ALINEACIÓN ESTRATÉGICA (EUROPEA, ESTATAL E GALEGA)	Estratexia Europa 2020. Iniciativa 1: Unión pola innovación, co fin de mellorar as condicións xerais e o acceso ao financiamento para investigación e innovación e garantir que as ideas innovadoras se poidan converter en produtos e servizos que xeren crecemento e emprego. Axenda para o fortalecemento do sector industrial en España. 5: Incrementar a eficiencia e a orientación ao mercado e aos retos da sociedade da I+D+i. - 5.1 Incrementar a eficiencia do investimento en I+D+i. Plan estratéxico de Galicia 2015-2020. Eixe 1: Empregabilidade e crecemento intelixente. - PA 1.1: Impulso da consolidación das políticas de gastos vencelladas á I+D+i. Integrar a Galicia no círculo virtuoso da innovación para o crecemento.

2. CONTEXTUALIZACIÓN E NECESIDADE

Da mesma maneira que as vendas ou a calidade dunha empresa require de actuacións sistematizadas que van alén de accións puntuais, a capacidade de innovación aséntase sobre a habilidade das empresas para deseñar e executar as actividades que require de xeito planificado e integrado co resto da estratexia da organización. Apoiar con fondos públicos a I+D+i empresarial esixe, por tanto, que o proceso de innovación estea plenamente internalizado nas rutinas da organización, dende a vixilancia tecnolóxica e intelixencia competitiva, pasando pola elaboración de orzamentos, a creación e xestión dunha carteira de proxectos, etc. Por outra banda e na liña de garantir unha intervención pública eficiente, é necesario asentar o apoio sobre as distintas fases da I+D+i de proxectos nos que estea claro cal é a externalidade ou fallo de mercado que se pretende abordar.

3. OBXECTIVO DA PROPOSTA

Incrementar a eficiencia dos fondos públicos para I+D+i encamiñando as políticas cara ás empresas con procesos sistematizados de innovación e cara a proxectos intensivos en coñecemento.

Búscase que os recursos públicos adicados ao estímulo da I+D+i sexan canalizados a través de procesos estables e planificados de innovación dentro das empresas, minimizando así os riscos da intervención e, deste xeito, maximizando o retorno para a sociedade dos fondos destinados.

4. PROXECTOS E INICIATIVAS VENCELLADAS (REALIZADAS/EN CURSO)

- 2017_XUNTA_PEME_INNOVA.

5. PRINCIPAIS AXENTES IMPLICADOS

Consellería de Economía, Emprego e Industria, Axencia Galega de Innovación (GAIN) e Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE).

6. BENEFICIARIOS DA ACTUACIÓN

- Empresas con sistemas de xestión da I+D+i.
- Centros xeradores de coñecemento público e privado.

7. INDICADORES DE SEGUEMENTO

INDICADOR	DESCRIPCIÓN	VALOR ACTUAL	VALOR DESEXADO 2020
I.4.2.1.1	Fondos para a I+D+i concedidos a empresas galegas certificadas na UNE 166002 sobre o total de fondos para I+D+i (%).	n.d.	-
I.4.2.1.2	Número de empresas galegas certificadas na UNE 166002.	n.d.	-

Fonte: Elaboración propia.

TÁBOA 140.

PROPOSTA 4.2.2	Despregar un plan de axudas á innovación organizativa para sistematizar a I+D+i, estandarizar e mellorar procesos, e despregar modelos de operacións industriais áxiles, eficientes e medioambientalmente amistosos.
---------------------------------	---

1. MARCO ESTRATÉGICO DA PROPOSTA

RETO	4.2.- Pola sistematización da I+D+i nas empresas galegas.
ALINEACIÓN ESTRATÉGICA (EUROPEA, ESTATAL E GALEGA)	Estratexia Europa 2020. Iniciativa 1: Unión pola innovación, co fin de mellorar as condicións xerais e o acceso ao financiamento para investigación e innovación e garantir que as ideas innovadoras se poidan converter en produtos e servizos que xeren crecemento e emprego. Axenda para o fortalecemento do sector industrial en España. 5: Incrementar a eficiencia e a orientación ao mercado e aos retos da sociedade da I+D+i. – 5.1: Incrementar a eficiencia do investimento en I+D+i. Plan estratéxico de Galicia 2015-2020. Eixe 1: Empregabilidade e crecemento intelixente. – PA 1.1: Impulso da consolidación das políticas de gastos vencelladas á I+D+i. Integrar a Galicia no círculo virtuoso da innovación para o crecemento. RIS 3 Galicia. Reto 2: Novo modelo industrial sustentado na competitividade e o coñecemento. – Prioridade 2.2: Potenciar a competitividade do sector industrial galego a través da optimización de procesos produtivos baixo o concepto de “Fábrica do Futuro” e a través da Eco-innovación para a mellora da eficiencia e do comportamento medioambiental na industria.

2. CONTEXTUALIZACIÓN E NECESIDADE

A crecente variabilidade da demanda, os cambios máis rápidos nas preferencias dos clientes e as esixencias medioambientais típicas de mercados maduros están exercendo unha forte presión global sobre as empresas manufactureiras para desenvolver modelos áxiles de xestión das operacións que ademais sexan medioambientalmente respectuosos. Son moitas as empresas en Galicia onde os problemas de eficiencia e calidade se deben á variabilidade dos procesos. Outros retos relacionados coa axilidade e flexibilidade das operacións atopan a súa panca de cambio na capacidade para mudar procesos previamente estabilizados de maneira metódica e con lóxica *pull*. Estandarización do statu quo e sistematización da I+D+i para abordar retos económicos, sociais e medioambientais son, por tanto, aspectos clave que deben guiar a actuación das asociacións empresariais e administracións públicas.

3. OBXECTIVO DA PROPOSTA

Favorecer que as empresas manufactureiras incorporen as mellores rutinas organizativas para facer fronte a un contorno de maior variabilidade e incerteza.

Búscase estender a preocupación pola estandarización de procesos e a sistematización da innovación para abordar en mellores condicións os efectos da variabilidade da demanda, atallar problemas de calidade, asentir melloras de eficiencia, e reducir o impacto medioambiental das operacións industriais.

4. PROXECTOS E INICIATIVAS VENCELLADAS (REALIZADAS/EN CURSO)

– 2017_XUNTA_PEME_INNOVA.

5. PRINCIPAIS AXENTES IMPLICADOS

Consellería de Economía, Emprego e Industria, Axencia Galega de Innovación (GAIN), Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE) e interlocutores económicos e sociais.

6. BENEFICIARIOS DA ACTUACIÓN

- Tecido industrial galego.
- KIBS (Knowledge Intensive Business Services) galegas.

7. INDICADORES DE SEGUIMENTO

INDICADOR	DESCRIPCIÓN	VALOR ACTUAL	VALOR DESEXADO 2020
I.4.2.2.1	Número de empresas galegas certificadas na UNE 166002.	n.d.	–
I.4.2.2.2	Índice de desempeño en innovación organizativa nas empresas manufactureiras galegas (%).	n.d.	–
I.4.2.2.3	Índice de desempeño en innovación tecnolóxica en procesos nas empresas manufactureiras galegas (%).	n.d.	–

Fonte: Elaboración propia.

TÁBOA 141.

PROPOSTA
4.3.1

Acreditar provedores de Tecnoloxías Facilitadoras Esenciais e promover a súa intervención en cadeas de subministro diferentes.

1. MARCO ESTRATÉGICO DA PROPOSTA

RETO	4.3.- Por unha política industrial centrada en actividades intensivas en coñecemento e inseridas en diversas cadeas de valor.
ALINEACIÓN ESTRATÉGICA (EUROPEA, ESTATAL E GALEGA)	Estratexia Europa 2020. Iniciativa 1: Unión pola innovación, co fin de mellorar as condicións xerais e o acceso ao financiamento para investigación e innovación e garantir que as ideas innovadoras se poidan converter en produtos e servizos que xeren crecemento e emprego. Axenda para o fortalecemento do sector industrial de España. Liña de actuación 1: Estimular a demanda de bens industriais con efecto multiplicador na economía. Plan estratéxico de Galicia 2015-2020. Eixe 1: Empregabilidade e crecemento intelixente. RIS3 Galicia. RETO 2: Novo modelo industrial sustentado na competitividade e o coñecemento. - Prioridade 2.1: Diversificación en sectores tractores galegos e os seus sectores auxiliares a través dun uso intensivo das Tecnoloxías Facilitadoras [TFEs], orientado ao fornecemento de novos procesos e produtos de alto valor engadido que permitan explorar novos mercados baseados na hibridación, no coñecemento e na tecnoloxía. - Prioridade 2.3: Impulso das TICs como sector tractor da economía do coñecemento en Galicia, ao igual que outras Tecnoloxías Facilitadoras Esenciais (TFEs).

2. CONTEXTUALIZACIÓN E NECESIDADE

As tecnoloxías facilitadoras esenciais (TFE) cobran cada vez máis importancia no tecido empresarial, pero menos dun 20% das empresas galegas indican ter competencias significativas na utilización de ao menos unha delas. A importancia que a Comisión Europea outorga a estas tecnoloxías no futuro a medio prazo vese reflectida no obxectivo de que estas sexan a base do 20% do PIB comunitario no ano 2020. Ademais, o seu nivel de implantación constitúe un proxy moi interesante para, non só atisbar o desempeño innovador do tecido industrial galego, senón tamén para identificar as súas tendencias en materia de innovación.

3. OBXECTIVO DA PROPOSTA

Incrementar o peso das actividades baseadas en tecnoloxías facilitadoras esenciais no tecido manufactureiro galego promovendo unha canteira de provedores certificados.

Trátase de xerar as condicións necesarias para que en Galicia se difundan en maior medida actividades intensivas en coñecemento asociadas ás TFEs, enriquecendo o noso ecosistema industrial integrándose nas cadeas de subministro a todos os niveis.

4. PROXECTOS E INICIATIVAS VENCELLADAS (REALIZADAS/EN CURSO)

- 0411_MANUFACTUR4_0_1_E.
- 0181_NANOEATERS_1_E.
- 2017_XUNTA_INNOVA_PEME.
- 2014_XUNTA_PNS7/13.

5. PRINCIPAIS AXENTES IMPLICADOS

Consellería de Economía, Emprego e Industria, Axencia Galega de Innovación (GAIN), Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE) e interlocutores económicos e sociais.

6. BENEFICIARIOS DA ACTUACIÓN

- Tecido industrial galego.
- KIBS (*Knowledge Intensive Business Services*) galegas.
- Centros xeradores de coñecemento privado.

7. INDICADORES DE SEGUEMENTO

INDICADOR	DESCRIPCIÓN	VALOR ACTUAL	VALOR DESEXADO 2020
I.4.3.1.1	Peso no PIB galego das actividades baseadas en TFEs (%).	n.d.	0,2
I.4.3.1.2	Empresas do sector manufactureiro galego que declaran utilizar ao menos unha TFE (%).	n.d.	-

Fonte: Elaboración propia.

TÁBOA 142.

**PROPOSTA
4.3.2**

Priorizar o emprendemento con proxectos para mercados globais, con tecnoloxías escalables e con potenciais vantaxes competitivas sostibles no tempo.

1. MARCO ESTRATÉGICO DA PROPOSTA

RETO	4.3.- Por unha política industrial centrada en actividades intensivas en coñecemento e inxeridas en diversas cadeas de valor.
ALINEACIÓN ESTRATÉGICA (EUROPEA, ESTATAL E GALEGA)	Estratexia Europa 2020. Iniciativa 5: Unha política industrial para a era da mundialización, para mellorar o contorno empresarial, especialmente para as PeMés, e apoiar o desenvolvemento dunha base industrial forte e sostible, capaz de competir a nivel mundial. Axenda para o fortalecemento do sector industrial en España. 9: Apoiar a internacionalización das empresas industriais e a diversificación de mercados. Plan estratéxico de Galicia 2015-2020. Eixe 1: Empregabilidade e crecemento intelixente. RIS3 Galicia. RETO 2: Novo modelo industrial sustentado na competitividade e o coñecemento. – Prioridade 2.1: Diversificación en sectores tractores galegos e os seus sectores auxiliares a través dun uso intensivo das Tecnoloxías Facilitadoras [TFEs], orientado ao fornecemento de novos procesos e produtos de alto valor engadido que permitan explorar novos mercados baseados na hibridación, no coñecemento e na tecnoloxía.

2. CONTEXTUALIZACIÓN E NECESIDADE

Un dos trazos máis destacables do noso tempo é o ritmo de cambio económico e tecnolóxico que afecta á sociedade, e ás empresas en particular. Non só as tecnoloxías cambian con maior frecuencia; tamén os modelos de negocio, orientados a ofrecer solucións válidas en calquera parte do mundo. Non só se difunden xeograficamente ambos tipos de innovación con maior rapidez; tamén se estenden con gran axilidade a empresas en actividades coas que aparentemente nada teñen que ver. Nesta contorna de cambio vertixinoso, aquelas rexións que lideren este proceso lograrán consolidar a súa transición dende un centro xeográfico de produción material de bens en mercados próximos a un ecosistema de xeración de coñecemento para a innovación con orientación a mercados globais.

3. OBXECTIVO DA PROPOSTA

Estimular a xeración de iniciativas empresariais viables que incorporen unha estratexia de mercado internacional e tecnoloxicamente diferencial dende a concepción da idea.

4. PROXECTOS E INICIATIVAS VENCELLADAS (REALIZADAS/EN CURSO)

- 2016_XUNTA-CZEV_VIAGALICIA.
- 2014_XUNTA_PNS7/13.
- 2017_XUNTA_INTERNACIONALIZACIÓN.
- ICEX NEXT.
- 2017_XUNTA_GALICIA_EXPORTA.

5. PRINCIPAIS AXENTES IMPLICADOS

Consellería de Economía, Emprego e Industria, Axencia Galega de Innovación (GAIN), Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE) e interlocutores económicos e sociais.

6. BENEFICIARIOS DA ACTUACIÓN

- Tecido industrial galego.
- KIBS (Knowledge Intensive Business Services) galegas.
- Centros xeradores de coñecemento público e privado.

7. INDICADORES DE SEGUEMENTO

INDICADOR	DESCRIPCIÓN	VALOR ACTUAL	VALOR DESEXADO 2020
I.4.3.2.1	Número de iniciativas empresariais <i>born global</i> xurdidas en Galicia por ano.	n.d.	–
I.4.3.2.2	Volume de exportacións de sector manufactureiro galego ao resto do mundo (millóns de euros). ⁽¹⁾	19.162,978 (2016)	22.037,425 (▲ 15%)

Notas:

(1) IGE (2017g)

Fonte: Elaboración propia.

**PROPOSTA
4.3.3**
Equilibrar o apoio público nas distintas etapas dos proxectos de I+D+i (TRLs) para favorecer os investimentos intensivos en coñecemento.
1. MARCO ESTRATÉGICO DA PROPOSTA

RETO	4.3.- Por unha política industrial centrada en actividades intensivas en coñecemento e inxeridas en diversas cadeas de valor.
ALINEACIÓN ESTRATÉGICA (EUROPEA, ESTATAL E GALEGA)	Estratexia Europa 2020. Iniciativa 1: Unión pola innovación, co fin de mellorar as condicións xerais e o acceso ao financiamento para investigación e innovación e garantir que as ideas innovadoras se poidan converter en produtos e servizos que xeren crecemento e emprego. Axenda para o fortalecemento do sector industrial en España. 5: Incrementar a eficiencia e a orientación ao mercado e aos retos da sociedade da I+D+i. 5.1: Incrementar a eficiencia do investimento en I+D+i. Plan estratéxico de Galicia 2015-2020. Eixe 1: Empregabilidade e crecemento intelixente. PA 1.1: Impulso da consolidación das políticas de gastos vencelladas á I+D+i. Integrar a Galicia no círculo virtuoso da innovación para o crecemento.

2. CONTEXTUALIZACIÓN E NECESIDADE

Nun contorno empresarial que parece afastado aínda dos modelos de innovación máis intensivos en coñecemento, existe unha certa tendencia a priorizar melloras en produtos e procesos actuais a costa de alternativas máis disruptivas dende o punto de vista da tecnoloxía e dos modelos de negocio. Isto pode xerar en Galicia carteiras de produtos e tecnoloxías potencialmente desequilibradas e con problemas de avellentamento. Dalgunha maneira, pódese dicir que o éxito da I+D+i nos está permitindo ser progresivamente mellores en actividades e tecnoloxías crecentemente obsoletas. Desde este punto de vista, resulta importante orientar o apoio público nas distintas etapas dos proxectos de innovación cara aos proxectos máis intensivos en coñecemento. A pesar de que estas iniciativas implican un maior risco, son o principal soporte para aumentar o stock e o fluxo de coñecemento necesario para assimilar e explotar en mellores condicións os desenvolvementos científico-tecnolóxicos máis vangardistas.

3. OBXECTIVO DA PROPOSTA

Acadar un balanceo óptimo no apoio a iniciativas de I+D+i enfatizando os proxectos máis intensivos en coñecemento.

A proposta pretende centrar unha parte importante do apoio público nos proxectos máis disruptivos porque é neles onde se atopan os principais fallos de mercado que xustifican a intervención.

4. PROXECTOS E INICIATIVAS VENCELLADAS (REALIZADAS/EN CURSO)

- 2017_XUNTA_U_MIXTAS.

5. PRINCIPAIS AXENTES IMPLICADOS

Consellería de Economía, Emprego e Industria, Axencia Galega de Innovación (GAIN) e Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE).

6. BENEFICIARIOS DA ACTUACIÓN

- Tecido industrial galego.
- KIBS (*Knowledge Intensive Business Services*) galegas.
- Centros xeradores de coñecemento público e privado.

7. INDICADORES DE SEGUIMENTO

INDICADOR	DESCRIPCIÓN	VALOR ACTUAL	VALOR DESEXADO 2020
I.4.3.3.1	Importe das axudas orientadas á innovación (TRL 5-9) nas empresas en Galicia (%).	n.d.	-
I.4.3.3.2	Importe das axudas orientadas á investigación e desenvolvemento (TRL 2-4) nas empresas en Galicia (%).	n.d.	-

Fonte: Elaboración propia.

TÁBOA 144.

PROPOSTA 4.3.4	Revisar as actuais políticas de dixitalización para asegurar a súa integración en sistemas organizativos eficientes que melloren a produtividade.
---------------------------------	--

1. MARCO ESTRATÉGICO DA PROPOSTA

RETO	4.3.- Por unha política industrial centrada en actividades intensivas en coñecemento e inxeridas en diversas cadeas de valor.
ALINEACIÓN ESTRATÉGICA (EUROPEA, ESTATAL E GALEGA)	Estratexia Europa 2020. Iniciativa 1: Unión pola innovación. COM (2016) 180 final - Dixitalización da industria europea. 4.2: Investimento conxunto no fomento de capacidades de innovación dixital de Europa. - 4.2.1: Promover a innovación dixital en todos os sectores: centros de innovación dixital en Europa. Industria conectada 4.0. A transformación dixital da industria española. Liña de actuación 04: Promover as actuacións adecuadas para a posta en marcha da Industria 4.0. - Área estratéxica 4.1: Apoio á adopción da I4.0 pola industria. Plan estratéxico de Galicia 2015-2020. Eixe 1: Empregabilidade e crecemento intelixente. RIS3 Galicia. RETO 2: Novo modelo industrial sustentado na competitividade e o coñecemento. 2.2: Potenciar a competitividade do sector industrial galego a través da optimización de procesos produtivos baixo o concepto de "Fábrica do Futuro" e a través da Eco-innovación para a mellora da eficiencia e do comportamento medioambiental na industria.

2. CONTEXTUALIZACIÓN E NECESIDADE

A transformación dixital preséntase coma un dos retos máis importantes para asegurar a competitividade do entramado industrial galego no medio e longo prazo. Sen embargo, aínda son moitas as empresas galegas (sobre todo PeMEs) que requiren dun esforzo de estandarización dos seus procesos industriais para reducir a variabilidade e atopar fórmulas de optimización progresivas. Noutro caso, o despregue da dixitalización tan só logrará automatizar procesos non eficientes.

3. OBXECTIVO DA PROPOSTA

Garantir que as políticas de dixitalización actuais aseguren que os investimentos asociados se levan a cabo en sistemas organizativos eficientes, que poidan aproveitálas de xeito adecuado, e que repercutan realmente na mellora da produtividade.

4. PROXECTOS E INICIATIVAS VENCELLADAS (REALIZADAS/EN CURSO)

- 2016_FEDER_PA1/16: Servizos de asistencia, diagnóstico e soporte na implantación de solucións de empresa dixital e industria 4.0.
- 2017_XUNTA_PILOTO_4_0: Convocatoria dos premios e axudas aos proxectos piloto fábrica 4.0 en Galicia.
- Enquisa Oportunidades Industria 4.0 que está a realizar o IGAPÉ a través dos principais centros tecnolóxicos en Galicia (350 empresas dos 10 sectores máis representativos e Galicia).

5. PRINCIPAIS AXENTES IMPLICADOS

Consellería de Economía, Emprego e Industria Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPÉ), Axencia Galega de Innovación (GAIN) e interlocutores económicos e sociais.

6. BENEFICIARIOS DA ACTUACIÓN

- O conxunto das empresas galegas.

7. INDICADORES DE SEGUIMENTO

INDICADOR	DESCRICIÓN	VALOR ACTUAL	VALOR DESEXADO 2020
I.4.3.4.1	Empresas manufactureiras galegas que invisten en innovación organizativa (%).	n.d.	-
I.4.3.4.2	Empresas manufactureiras galegas que invisten en innovación tecnolóxica para a mellora de procesos (%).	n.d.	-

Fonte: Elaboración propia.

Investimento e atracción/retención de capitais

A continuación, (Táboa 145) se enumeran as propostas froito do proceso de diagnose e posta en común correspondentes

á área de traballo 5 “Investimento e atracción/retención de capitais”.

TÁBOA 145.
RETOS E PROPOSTAS DA ÁREA DE TRABALLO 5 “INVESTIMENTO E ATRACCIÓN/RETENCIÓN DE CAPITALS”.

RETOS	PROPOSTAS
 RETO 1.- Por un contorno que favoreza o backshoring e siga proactivamente posibles novas deslocalizacións.	5.1.1 Deseñar un programa de reformas e incentivos para facilitar a reimplantación de empresas deslocalizadas ou a re-internalización das actividades produtivas actualmente desenvolvidas fóra de Galicia.
	5.1.2 Potenciar a cooperación na complementariedade dos recursos e capacidades coas rexións limítrofes para gañar visibilidade internacional de cara á participación nas cadeas de valor globais.
 RETO 2.- Por un sistema de xestión e financiamento das empresas que asegure a súa liquidez e facilite o seu crecemento.	5.2.1 Desenvolver un programa específico de capacitación de PeMEs que mellore as competencias nos procedementos de estimación de custos, a planificación financeira, mellore o lead time, reduza os stocks e optimice a xestión do cash flow.
	5.2.2 Apoiar a optimización da relación entre os fondos propios e os alleos co obxectivo de favorecer os procesos de fusión e adquisición que permitan gañar tamaño.
	5.2.3 Reformar as sociedades de garantía recíproca para inclinar o seu apoio cara á viabilidade dos proxectos en lugar de cara á reprodución de criterios de garantía xa presentes na avaliación bancaria.
	5.2.4 Reformar a gobernanza e o sistema administrativo de apoio público financeiro de forma que se impulse unha rede de instrumentos de financiamento alternativos, con trámites sinxelos, transparentes e áxiles.
 RETO 3.- Por un contorno de incentivos e interlocutores que facilite a captación de investimentos do exterior.	5.3.1 Impulsar unha política de captación de investimentos a través de empresas de servizos avanzados internacionais e empresas tractoras localizadas en Galicia.
	5.3.2 Promover a rede de influencia público-privada para impulsar a imaxe de Galicia e a cooperación co empresariado e persoas directivas de orixe galega no exterior co fin de atraer investimento internacional.
	5.3.3 Desenvolver un programa de interlocución única para os novos investimentos foráneos que simplifiquen e axilien todos os trámites necesarios de execución.

Fonte: Elaboración propia.

TÁBOA 146.

PROPOSTA 5.1.1	Deseñar un programa de reformas e incentivos para facilitar a reimplantación de empresas deslocalizadas ou a re-internalización das actividades produtivas actualmente desenvolvidas fóra de Galicia.
---------------------------------	--

1. MARCO ESTRATÉGICO DA PROPOSTA

RETO	RETO 1.- Por un contorno que favoreza o <i>backshoring</i> e siga proactivamente posibles novas deslocalizacións.
ALINEACIÓN ESTRATÉGICA (EUROPEA, ESTATAL E GALEGA)	Estratexia Europa 2020. Iniciativa 5: Unha política industrial para a era da mundialización. CCMI/120 - Regreso da industria á UE. Punto 1.15: As empresas que pensan na deslocalización deberían saber que buscan e como poden conseguilo dentro da UE. Necesitan dispoñer de datos fiables, información e asesoramento para prever as vantaxes e os inconvenientes e incluso os custos reais. As representacións da UE e dos Estados membros nos países importantes deberían intensificar a súa asistencia, e o mesmo deberían facer os entes locais e rexionais. Axenda para o fortalecemento do sector industrial en España. Liña 10: Orientar a capacidade de influencia de España á defensa dos seus intereses industriais. Plan estratéxico de Galicia 2015-2020. Eixe 1. Empregabilidade e crecemento intelixente. Axenda da Competitividade Galicia Industria 4.0. Enfoque Estratéxico: Dimensión empresarial. - Medida 3: Apoio financeiro directo ás empresas para o mantemento da súa actividade, novas instalacións e o crecemento.

2. CONTEXTUALIZACIÓN E NECESIDADE

A deslocalización da actividade industrial está frecuentemente relacionada con custos laborais, de produción ou lóxicos. Ao longo dunha decisión deste tipo, sen embargo, existen variables que a miúdo se subestiman. Tal é o caso dos niveis de calidade, prazos de entrega elevados, incerteza nos aprovisionamentos, acceso ás materias primas ou reputación corporativa. Son moitas xa as experiencias internacionais neste sentido que promocionan o *backshoring*. Para isto úsanse, por exemplo, medidas de tipo financeiro que minimizan as diferenzas de custos, ou de tipo informativo sobre as vantaxes da reimplantación e a re-internalización tendentes a recuperar a produción previamente deslocalizada. Cómpre sinalar que no ano 2015, o peso relativo da industria manufacturera no PIB galego acadou o 15,7%, sendo o obxectivo, segundo a Estratexia Europa 2020, alcanzar o 20% no ano 2020.

3. OBXECTIVO DA PROPOSTA

Implantar medidas destinadas a reducir novas deslocalizacións empresariais, ao mesmo tempo que se promove a reimplantación de actividades produtivas previamente deslocalizadas.

Estas medidas representan un dos piares sobre os que o sector manufacturero debe acadar o 20% do PIB de Galicia no ano 2020, de acordo co obxectivo marcado pola estratexia Europa 2020.

4. PROXECTOS E INICIATIVAS VENCELLADAS (REALIZADAS/EN CURSO)

Existen estas iniciativas noutras rexións que se poderían extrapolar a Galicia:

- 2017_COMISIÓN EUROPEA_EUROFOUND_EUROPEAN_RESHORING_MONITOR.
- Reshoring Initiative (EEUU).

5. PRINCIPAIS AXENTES IMPLICADOS

Consellería de Economía, Emprego e Industria, Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE) e interlocutores económicos e sociais.

6. BENEFICIARIOS DA ACTUACIÓN

- As empresas manufacturerais galegas.
- As persoas empregadas no sector manufacturero de Galicia.

7. INDICADORES DE SEGUIMENTO

INDICADOR	DESCRIPCIÓN	VALOR ACTUAL	VALOR DESEXADO 2020
I.5.1.1.1	Contribución ao PIB de Galicia das empresas manufacturerais galegas (%). ⁽¹⁾	15,7% (2015)	20,41 % (▲ 30%)

Notas:

(1) Eurostat (2017a)

Fonte: Elaboración propia.

TÁBOA 147.

**PROPOSTA
5.1.2**

Potenciar a cooperación na complementariedade dos recursos e capacidades coas rexións limítrofes para gañar visibilidade internacional de cara á participación nas cadeas de valor globais.

1. MARCO ESTRATÉGICO DA PROPOSTA

RETO	RETO 1.- Por un contorno que favoreza o <i>backshoring</i> e siga proactivamente posibles novas deslocalizacións.
ALINEACIÓN ESTRATÉGICA (EUROPEA, ESTATAL E GALEGA)	Estratexia Europa 2020. Iniciativa 5: Unha política industrial para a era da mundialización. COM (2014) 14 final – Por un renacemento industrial europeo. Iniciativa 5: Hai que facer todo o posible por facilitar a integración das empresas da UE nas cadeas de valor mundiais para incrementar a súa competitividade e asegurar o acceso aos mercados mundiais en condicións competitivas máis favorables. Axenda para o fortalecemento do sector industrial en España. Liña 9: Apoiar a internacionalización das empresas industriais e a diversificación de mercados. Industria conectada 4.0. a transformación dixital da industria española. Obxectivo 3: Desenvolver pancas competitivas diferenciadas para favorecer a industria española e impulsar as súas exportacións. Plan estratéxico de Galicia 2015-2020. Eixe 1: Empregabilidade e crecemento intelixente. Axenda da Competitividade Galicia Industria 4.0. Enfoque Estratéxico: Cooperación. – Medida 1: Impulsar a cooperación na industria galega e o cambio de cultura empresarial.

2. CONTEXTUALIZACIÓN E NECESIDADE

A globalización e o cambio tecnolóxico transformaron a paisaxe: por unha banda, restándolle importancia á administración local como mero brazo administrativo do Estado que transmite políticas a nivel local e, por outra banda, estimulando novas dinámicas competitivas a nivel local enfocadas a proporcionar un clima empresarial atractivo en termos de infraestruturas, capital humano e alta calidade institucional. Mega-cidades e rexións están sendo os protagonistas da nova era, pero a posición periférica de Galicia xunto co seu tamaño e o das súas principais cidades mantéñennos ao lonxe dos principais polos manufactureiros que xestionan as cadeas de valor globais.

3. OBXECTIVO DA PROPOSTA

Acadar unha maior visibilidade internacional das empresas manufactureiras galegas aproveitando as posibles sinerxías e complementariedades da cooperación con outros territorios.

Establecer mecanismos que permitan aproveitar as complementariedades da cooperación en recursos e capacidades coas rexións que están ao noso carón. Búscase, por unha banda, a potenciación da cooperación co Norte de Portugal, aproveitando e incrementando os avances acadados co Eixo Atlántico. Por outra, preténdese intensificar as alianzas coas Comunidades Autónomas do noroeste de España.

4. PROXECTOS E INICIATIVAS VENCELLADAS (REALIZADAS/EN CURSO)

- Eixo Atlántico.
- Eures Transfronteirizo Norte Portugal-Galicia.
- Agrupación Europea de Cooperación Territorial (AECT) Galicia Norte de Portugal.

5. PRINCIPAIS AXENTES IMPLICADOS

Consellería de Facenda, Consellería de Economía, Emprego e Industria, Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE) e interlocutores económicos e sociais.

6. BENEFICIARIOS DA ACTUACIÓN

- As empresas manufactureiras galegas.

7. INDICADORES DE SEGUIMENTO

INDICADOR	DESCRIPCIÓN	VALOR ACTUAL	VALOR DESEXADO 2020
I.5.1.2.1	Nº de programas de cooperación Galicia-Norte de Portugal.	n.d.	-
I.5.1.2.2	Nº de programas de cooperación interautonómicos nos que participa Galicia.	n.d.	-

Fonte: Elaboración propia.

TÁBOA 148.

**PROPOSTA
5.2.1**

Desenvolver un programa específico de capacitación de PeMEs que mellore as competencias nos procedementos de estimación de custos, a planificación financeira, mellore o *lead time*, reduza os stocks e optimice a xestión do *cash flow*.

1. MARCO ESTRATÉGICO DA PROPOSTA

RETO	RETO 2.- Por un sistema de xestión e financiamento das empresas que asegure a súa liquidez e facilite o seu crecemento.
ALINEACIÓN ESTRATÉGICA (EUROPEA, ESTATAL E GALEGA)	Estratexia Europa 2020. Iniciativa 4: Unha Europa que utilice eficazmente os recursos. COM (2014) 14 final - Por un renacemento industrial europeo. Iniciativa 3.3: Mellorar as competencias e facilitar a transformación industrial. Axenda para o fortalecemento do sector industrial en España. Liña 6: Apoiar o crecemento e a profesionalización das PeMEs españolas. - Subliña 6.2: Outras medidas con incidencia no crecemento e profesionalización das PeMEs. Plan estratéxico de Galicia 2015-2020. Eixe 1: Empregabilidade e crecemento intelixente. Axenda da Competitividade Galicia Industria 4.0. Enfoque Estratéxico: Profesionalización das PeMEs. - Medida 1: Prestación de servizos especializados de asesoramento que apoien o desenvolvemento estratéxico das PeMEs.

2. CONTEXTUALIZACIÓN E NECESIDADE

No contexto económico actual cobra cada vez maior importancia a profesionalización da xestión empresarial. A globalización e a velocidade á que se están a producir os cambios requiren de profesionais altamente capacitados para manexar volumes inxentes de información que lles permitan tomar decisións coa maior axilidade. Neste senso, cabe sinalar a importancia de factores como unha correcta planificación da tesourería a fin de evitar tensións de liquidez, a redución do *lead time* e dos stocks, así coma a eliminación de actividades sen valor engadido no proceso produtivo.

3. OBXECTIVO DA PROPOSTA

Mellorar a profesionalización da xestión empresarial das PeMEs.

4. PROXECTOS E INICIATIVAS VENCELLADAS (REALIZADAS/EN CURSO)

- 2017_XUNTA_INNOVA_PEME.
- 2017_XUNTA_BONOS_FORMACIÓN_CONTRATACIÓN.
- 2016_XUNTA_FORMACIÓN_4_0.
- 2014_XUNTA_CAPACITACIÓN_SECTORIAL.

5. PRINCIPAIS AXENTES IMPLICADOS

Consellería de Economía, Emprego e Industria, Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE), Axencia Galega de Innovación (GAIN) e interlocutores económicos e sociais.

6. BENEFICIARIOS DA ACTUACIÓN

- As PeMEs manufactureiras galegas.
- As persoas empregadas no sector manufactureiro de Galicia.

7. INDICADORES DE SEGUIMENTO

INDICADOR	DESCRIPCIÓN	VALOR ACTUAL	VALOR DESEXADO 2020
I.5.2.1.1	Nº de accións formativas en temas financeiros realizadas nas PeMEs galegas.	n.d.	-
I.5.2.1.2	Nº de accións formativas en innovación de procesos sobre a base da mellora continua realizadas nas PeMEs galegas.	n.d.	-

Fonte: Elaboración propia.

**PROPOSTA
5.2.2****Apoiar a optimización da relación entre os fondos propios e os alleos co obxectivo de favorecer os procesos de fusión e adquisición que permitan gañar tamaño.****1. MARCO ESTRATÉGICO DA PROPOSTA**

RETO	RETO 2.- Por un sistema de xestión e financiamento das empresas que asegure a súa liquidez e facilite o seu crecemento.
ALINEACIÓN ESTRATÉGICA (EUROPEA, ESTATAL E GALEGA)	Estratexia Europa 2020. Iniciativa 4: Unha Europa que utilice eficazmente os recursos. COM (2012) 582 final - Unha industria europea máis forte para o crecemento e a recuperación económica. Liña C: Acceso ao financiamento e aos mercados de capitais. - Subliña 1: Axudas do sector público para facilitar o acceso ao capital ás empresas. Axenda para o fortalecemento do sector industrial en España. Liña 6: Apoiar o crecemento e a profesionalización das PeMEs españolas. - Subliña 6.1: Creación dun contorno favorable que promova o aumento de tamaño das PeMEs. Plan estratéxico de Galicia 2015-2020. Eixe 1: Empregabilidade e crecemento intelixente. Axenda da Competitividade Galicia Industria 4.0. Programa de impulso: Capitalización e Crecemento. Enfoque Estratéxico: Adecuación do nivel de fondos propios. - Medida 1: Desenvolver, directamente ou mediante convenios público-privados, liñas de financiamento para favorecer un nivel equilibrado de fondos propios nos balances das PeMEs. - Medida 2: Difusión e promoción de instrumentos financeiros alternativos.

2. CONTEXTUALIZACIÓN E NECESIDADE

A compra dunha empresa por parte doutra ou a unión de dúas empresas, dando lugar a outra de maior tamaño constitúen unha das maneiras máis recorrentes para gañar dimensión e competitividade. Polo xeral, este tipo de operacións empresariais están provocadas pola identificación dunha ameaza ou dunha oportunidade no mercado e, nalgúns ocasións, a ameaza ten que ver cunha situación financeira delicada.

As operacións de concentración empresarial supoñen unha vantaxe financeira polo aumento do tamaño e a redución das asimetrías informativas, reducindo as barreiras de acceso ao mercado crediticio. Pero a eficacia destas medidas pasa por executalas acompañadas dun profundo proceso de reestruturación interno. Para poder acometer este tipo de operacións, normalmente con resultados a medio e longo prazo, é necesaria unha estrutura financeira equilibrada entre os fondos propios e os alleos das empresas.

3. OBXECTIVO DA PROPOSTA

Promover o aumento de tamaño das empresas.

Trátase de poñer a disposición das empresas liñas de financiamento con apoio público que permitan optimizar as súas estruturas de financiamento cara aos procesos de fusión e de adquisición de outras compañías. A actuación poderíase levar a cabo mediante estas ferramentas, entre outras:

- Liñas públicas de préstamos brandos.
- Potenciación do papel das sociedades de garantía recíproca e das de capital risco.
- Vantaxes fiscais para o reinvestimento dos beneficios empresariais no capital social das empresas.

4. PROXECTOS E INICIATIVAS VENCELLADAS (REALIZADAS/EN CURSO)

- ICO Empresas e Emprendedores 2017.

5. PRINCIPAIS AXENTES IMPLICADOS

Consellería de Facenda, Consellería de Economía, Emprego e Industria, Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE), SGRs e SCR.

6. BENEFICIARIOS DA ACTUACIÓN

- As PeMEs manufactureiras galegas.

7. INDICADORES DE SEGUIMENTO

INDICADOR	DESCRIPCIÓN	VALOR ACTUAL	VALOR DESEXADO 2020
I.5.2.2.1	Nº de empresas galegas fusionadas.	n.d.	-
I.5.2.2.2	Volume de facturación medio das PeMEs manufactureiras galegas (miles de euros).	n.d.	-

Fonte: Elaboración propia.

TÁBOA 150.

PROPOSTA 5.2.3	Reformar as sociedades de garantía recíproca para inclinar o seu apoio cara á viabilidade dos proxectos en lugar de cara á reprodución de criterios de garantía xa presentes na avaliación bancaria.
---------------------------	---

1. MARCO ESTRATÉGICO DA PROPOSTA

RETO	RETO 2.- Por un sistema de xestión e financiamento das empresas que asegure a súa liquidez e facilite o seu crecemento.
ALINEACIÓN ESTRATÉGICA (EUROPEA, ESTATAL E GALEGA)	Estratexia Europa 2020. Iniciativa 4: Unha Europa que utilice eficazmente os recursos. COM (2012) 582 final - Unha industria europea máis forte para o crecemento e a recuperación económica. - Liña C: Acceso ao financiamento e aos mercados de capitais. Axenda para o fortalecemento do sector industrial en España. Liña 8: Aumentar o peso do financiamento non convencional nas empresas industriais. - Subliña 8.1: Fomento de mecanismos de financiamento non bancario de apoio ao crecemento e consolidación das PeMEs. Plan estratéxico de Galicia 2015-2020. Eixe 1: Empregabilidade e crecemento intelixente. Axenda da Competitividade Galicia Industria 4.0. Programa de impulso: Capitalización e Crecemento. Enfoque Estratéxico: Adecuación do nivel de fondos propios. - Medida 2: Difusión e promoción de instrumentos financeiros alternativos.

2. CONTEXTUALIZACIÓN E NECESIDADE

A escasa relevancia das fontes alternativas de financiamento (*Business angels, crowdfunding, MAB...*) en Galicia provoca unha forte dependencia do financiamento bancario por parte das empresas manufactureiras. A recente crise económica puxo de manifesto os perigos desa dependencia. Ademais, esta situación de crise no sistema bancario provocou un endurecemento da lexislación no relativo ás garantías que solicitan as entidades financeiras para a concesión de crédito. Este contexto vese agravado polo feito de que as sociedades de garantía recíproca están a replicar métodos de análise bancarios que explican precisamente a súa existencia.

3. OBXECTIVO DA PROPOSTA

Establecer mecanismos que aporten as garantías necesarias para facilitar o acceso ao financiamento de proxectos empresariais cunha viabilidade demostrada.

4. PROXECTOS E INICIATIVAS VENCELLADAS (REALIZADAS/EN CURSO)

- Fondo GIE, Galicia Iniciativas Emprendedoras FCR - PeME.
- Fondo Xes-Innova.
- ICO Garantía SGR/SAECA 2017.

5. PRINCIPAIS AXENTES IMPLICADOS

Consellería de Economía, Emprego e Industria e as SGR galegas.

6. BENEFICIARIOS DA ACTUACIÓN

- As PeMEs manufactureiras galegas.

7. INDICADORES DE SEGUIMIENTO

INDICADOR	DESCRIPCIÓN	VALOR ACTUAL	VALOR DESEXADO 2020
I.5.2.3.1	Nº de empresas galegas avaladas polas SGR.	n.d.	-

Fonte: Elaboración propia.

TÁBOA 151.

**PROPOSTA
5.2.4**

Reformar a gobernanza e o sistema administrativo de apoio público financeiro de forma que se impulse unha rede de instrumentos de financiamento alternativos, con trámites sinxelos, transparentes e áxiles.

1. MARCO ESTRATÉGICO DA PROPOSTA

RETO	RETO 2.- Por un sistema de xestión e financiamento das empresas que asegure a súa liquidez e facilite o seu crecemento.
ALINEACIÓN ESTRATÉGICA (EUROPEA, ESTATAL E GALEGA)	Estratexia Europa 2020. Iniciativa 4: Unha Europa que utilice eficazmente os recursos. COM (2012) 582 final - Unha industria europea máis forte para o crecemento e a recuperación económica. Liña C: Acceso ao financiamento e aos mercados de capitais. - Subliña 1: Axudas do sector público para facilitar o acceso ao capital ás empresas. - Subliña 2: Acceso aos mercados de capitais. Axenda para o fortalecemento do sector industrial en España. Liña 8: Aumentar o peso do financiamento non convencional nas empresas industriais. - Subliña 8.1: Fomento de mecanismos de financiamento non bancario de apoio ao crecemento e consolidación das PeMEs. Plan estratéxico de Galicia 2015-2020. Eixe 5: Administración moderna, eficiente e de calidade. Axenda da Competitividade Galicia Industria 4.0. Programa de impulso: Capitalización e Crecemento. Enfoque Estratéxico: Adecuación do nivel de fondos propios. - Medida 2: Difusión e promoción de instrumentos financeiros alternativos.

2. CONTEXTUALIZACIÓN E NECESIDADE

Nin o mercado alternativo bursátil (MAB), nin o *crowdfunding* ou os *business angels* representan máis que un porcentaxe residual no financiamento das empresas galegas. Semella necesaria unha intervención decidida da Administración co gaio de estimular esas fontes alternativas que garantan aos proxectos empresariais viables a estabilidade no seu financiamento. Esta circunstancia é moi relevante no contexto galego xa que o tamaño medio das nosas empresas é especialmente pequeno. Isto supón que teñan maiores dificultades para optar a un financiamento alternativo ao bancario.

3. OBXECTIVO DA PROPOSTA

Diversificar as posibilidades de financiamento das empresas manufactureiras galegas para garantir a súa estabilidade financeira. Trátase de dar un impulso tanto ao sistema público de apoio financeiro coma ás fontes de financiamento alternativas para que as empresas galegas teñan maior facilidade de acadar o financiamento que precisan para o seu funcionamento e investimento. A reforma deste sistema permitirá, ademais, reducir os problemas que teñen moitas empresas coas tensións de tesourería durante os ciclos económicos recesivos, situación que afecta de maneira especial ás PeMEs. Para facer máis atractivos estes instrumentos alternativos de financiamento, a proposta busca tamén unha maior simplificación e axilidade dos trámites para acadala.

4. PROXECTOS E INICIATIVAS VENCELLADAS (REALIZADAS/EN CURSO)

- IG206 - Microcrédito.
- IG179 - RE-SOLVE 2017.
- ICO Empresas e Emprendedores 2017.

5. PRINCIPAIS AXENTES IMPLICADOS

Consellería de Economía, Emprego e Industria e Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE).

6. BENEFICIARIOS DA ACTUACIÓN

- As PeMEs manufactureiras galegas.

7. INDICADORES DE SEGUEMENTO

INDICADOR	DESCRIPCIÓN	VALOR ACTUAL	VALOR DESEXADO 2020
I.5.2.4.1	Empresas galegas que utilizan instrumentos de financiamento alternativos (%).	n.d.	-
I.5.2.4.2	Peso das fontes de financiamento alternativas no total do financiamento das empresas galegas (%).	n.d.	-

Fonte: Elaboración propia.

TÁBOA 152.

PROPOSTA 5.3.1

Impulsar unha política de captación de investimentos a través de empresas de servizos avanzados internacionais e empresas tractoras localizadas en Galicia.

1. MARCO ESTRATÉGICO DA PROPOSTA

RETO	RETO 3.- Por un contorno de incentivos e interlocutores que facilite a captación de investimentos do exterior.
ALINEACIÓN ESTRATÉGICA (EUROPEA, ESTATAL E GALEGA)	Estratexia Europa 2020. Iniciativa 5: Unha política industrial para a era da mundialización. Plan de Investimentos para Europa (Plan Junker). Eliminar os obstáculos ao investimento, dar visibilidade e ofrecer asistencia técnica aos proxectos de investimento e facer un uso máis intelixente dos recursos financeiros. Axenda para o fortalecemento do sector industrial en España. Liña 8: Aumentar o peso do financiamento non convencional nas empresas industriais. Estratexia de Internacionalización da Economía Española. Actuación 5: Potenciar a captación e consolidación do investimento estranxeiro de alto valor engadido. Plan estratéxico de Galicia 2015-2020. Eixe 4: Sociedade dixital, lingua, cultura e reforzo do peso de Galicia no seu contorno. Axenda da Competitividade Galicia Industria 4.0. Programa de impulso: Mercados-internacionalización. Enfoque Estratéxico: Mercados de alto potencial. - Medida 4: Fomentar e coordinar medios e instrumentos de actuación nos mercados e nos países, sexa a través de misións, programas de implantación comercial en diplomacia institucional.

2. CONTEXTUALIZACIÓN E NECESIDADE

A captación de capital estranxeiro é unha fonte importante de investimento produtivo e de creación de postos de traballo. Alén do efecto tractor que posúe o clima institucional, a calidade do contorno de negocios ou o capital humano, non foron poucos os exemplos de grandes empresas galegas cuxa participación en cadeas de valor globais (sexan empresas manufactureiras ou empresas de servizos avanzados) foi quen de estimular e mesmo a veces forzar a chegada de novos establecementos para, normalmente, deseñar fluxos de aprovisionamento tensos. Moitas destas empresas recén chegadas eran de capital estranxeiro, o que facilitou non só a difusión de rutinas organizativas de estándar internacional senón tamén a súa participación como prescriptoras para outros proxectos de investimento procedentes dos seus países de orixe.

3. OBXECTIVO DA PROPOSTA

Establecer medidas proactivas dende a administración, principais empresas tractoras e empresas de servizos avanzados para atraer novos investimentos.

4. PROXECTOS E INICIATIVAS VENCELLADAS (REALIZADAS/EN CURSO)

- 2015_FEDER_PA1/15 Servizos para captación de investimentos estranxeiros para Galicia.

5. PRINCIPAIS AXENTES IMPLICADOS

Consellería de Economía, Emprego e Industria, Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE), Axencia Galega de Innovación (GAIN) e interlocutores económicos e sociais.

6. BENEFICIARIOS DA ACTUACIÓN

- As empresas manufactureiras galegas.

7. INDICADORES DE SEGUIMENTO

INDICADOR	DESCRICIÓN	VALOR ACTUAL	VALOR DESEXADO 2020
I.5.3.1.1	Volume de investimentos industriais internacionais captados por Galicia (miles de euros).	n.d.	-

Fonte: Elaboración propia.

TÁBOA 153.

**PROPOSTA
5.3.2**

Promover a rede de influencia público-privada para impulsar a imaxe de Galicia e a cooperación co empresariado e persoas directivas de orixe galega no exterior co fin de atraer investimento internacional.

1. MARCO ESTRATÉGICO DA PROPOSTA

RETO	RETO 3.- Por un contorno de incentivos e interlocutores que facilite a captación de investimentos do exterior.
ALINEACIÓN ESTRATÉGICA (EUROPEA, ESTATAL E GALEGA)	Estratexia Europa 2020. Iniciativa 5: Unha política industrial para a era da mundialización. Plan de Investimentos para Europa (Plan Junker). Eliminar os obstáculos á inversión, dar visibilidade e ofrecer asistencia técnica aos proxectos de investimento e facer un uso máis intelixente dos recursos financeiros. Axenda para o fortalecemento do sector industrial en España. Liña 9: Apoiar a internacionalización das empresas industriais e a diversificación de mercados. Estratexia de Internacionalización da Economía Española. Actuación 5: Potenciar a captación e consolidación do investimento estranxeiro de alto valor engadido. Plan estratéxico de Galicia 2015-2020. Eixe 4. Sociedade dixital, lingua, cultura e reforzo do peso de Galicia no seu contorno. Axenda da Competitividade Galicia Industria 4.0. Enfoque Estratéxico: <i>Lobbies</i> empresariais e institucionais. - Medida 1: Impulso dos grupos de influencia privada e públicos a prol da imaxe de Galicia e as súas empresas. - Medida 2: Consolidar as redes de apoio en destino buscando sinerxías coas redes de empresarios galegos no exterior e as redes europeas.

2. CONTEXTUALIZACIÓN E NECESIDADE

Galicia conta cun importante marxe de mellora no que atinxe á captación de capitais estranxeiros. Unha circunstancia favorable para esa atracción de investimentos é a existencia dun conxunto de empresarios e empresarias que contan cunha inmejorable imaxe no exterior. Na atracción de capitais o reto non é tanto a calidade dos recursos humanos, sen embargo, como máis ben o modelo e intensidade das relacións interempresariais que xera *spillovers*, intercambia talento e produce sinerxías na xeración de marca nos mercados internacionais.

3. OBXECTIVO DA PROPOSTA

Potenciar a imaxe de Galicia no exterior coma medio de captación de investimentos para o tecido produtivo galego.

4. PROXECTOS E INICIATIVAS VENCELLADAS (REALIZADAS/EN CURSO)

- 2015_FEDER_PA1/15 Servizos para captación de investimentos estranxeiros para Galicia.

5. PRINCIPAIS AXENTES IMPLICADOS

Consellería de Facenda, Consellería de Economía, Emprego e Industria, Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE) e interlocutores económicos e sociais.

6. BENEFICIARIOS DA ACTUACIÓN

- As empresas manufactureiras galegas.
- As persoas empregadas no sector manufactureiro de Galicia.

7. INDICADORES DE SEGUEMENTO

INDICADOR	DESCRIPCIÓN	VALOR ACTUAL	VALOR DESEXADO 2020
I.5.3.2.1	Volume de investimentos industriais internacionais captados por Galicia (miles de euros).	n.d.	-

Fonte: Elaboración propia.

TÁBOA 154.

PROPOSTA 5.3.3	Desenvolver un programa de interlocución única para os novos investimentos foráneos que simplifiquen e axilicen todos os trámites necesarios de execución.
---------------------------------	---

1. MARCO ESTRATÉGICO DA PROPOSTA

RETO	RETO 3.- Por un contorno de incentivos e interlocutores que facilite a captación de investimentos do exterior.
ALINEACIÓN ESTRATÉGICA (EUROPEA, ESTATAL E GALEGA)	Estratexia Europa 2020. Iniciativa 5: Unha política industrial para a era da mundialización. Axenda para o fortalecemento do sector industrial en España. Liña 9: Apoiar a internacionalización das empresas industriais e a diversificación de mercados. Estratexia de Internacionalización da Economía Española. Actuación 5: Potenciar a captación e a consolidación do investimento estranxeiro de alto valor engadido. Plan estratéxico de Galicia 2015-2020. Eixe 4. Sociedade dixital, lingua, cultura e reforzo do peso de Galicia no seu contorno. Axenda da Competitividade Galicia Industria 4.0. Programa de impulso: Mercados-internacionalización. - Enfoque Estratéxico: Atracción de investimento do exterior. - Medida 3: Apoio á captación de investidores estranxeiros e á entrada de capital exterior

2. CONTEXTUALIZACIÓN E NECESIDADE

Os requirimentos administrativos necesarios para o inicio dunha actividade empresarial, xunto coas diferentes administracións que están involucradas nos mesmos, supoñen un freo para a captación de investimentos. Esta situación acentúase máis, se cabe, no caso de investimentos estranxeiros onde a distancia cognitiva dos investidores internacionais pode intensificar a valoración negativa dun clima institucional diferente. Neste sentido, resulta fundamental simplificar os trámites, dixitalizalos na medida do posible, e contar cunha figura que guíe ao investidor en todo o relativo á implantación. A modo de exemplo, Portugal conta co servizo denominado empresas “na hora”, que permite crear unha sociedade no momento e nun só servizo de atención ao público a un custo moi baixo.

3. OBXECTIVOS DA PROPOSTA

Crear un contorno máis competitivo facendo que o investimento e a creación de novas empresas en Galicia sexa máis sinxelo e atractivo para os investidores foráneos.

A concreción deste obxectivo pasa por ofrecerlles aos potenciais investidores un servizo de asesoramento personalizado cun único interlocutor para canalizar dúbidas, trámites e investimentos, de maneira que exercendo de xanela única, permita levar a cabo todos os procedementos da Administración vencellados á actividade empresarial, dende a súa constitución ata a súa extinción.

4. PROXECTOS E INICIATIVAS VENCELLADAS (REALIZADAS/EN CURSO)

- IGAPE "Investir en Galicia": <http://www.igape.es/en/investingalicia>.
- ICEX "Invest in Spain": <http://www.investinspain.org/invest/es/index.html>.

5. PRINCIPAIS AXENTES IMPLICADOS

Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, Consellería de Economía, Emprego e Industria e interlocutores económicos e sociais.

6. BENEFICIARIOS DA ACTUACIÓN

- Potenciais investidores.
- Administracións públicas.

7. INDICADORES DE SEGUEMENTO

INDICADOR	DESCRICIÓN	VALOR ACTUAL	VALOR DESEXADO 2020
I.5.3.3.1	Volume de investimentos industriais internacionais captados por Galicia (miles de euros).	n.d.	-

Fonte: Elaboración propia.

